



| Guía Docente          |   |                    |                     |           |
|-----------------------|---|--------------------|---------------------|-----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                     | 2016/17   |
| Asignatura (*)        | Xestión da Información Fundamentos e Teoría   |                    | Código              | 710G02073 |
| Titulación            | Grao en Información e Documentación   |                    |                     |           |
| Descritores           |   |                    |                     |           |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica    | 6         |
| Idioma                | Castelán  |                    |                     |           |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                     |           |
| Prerrequisitos        |   |                    |                     |           |
| Departamento          | Humanidades   |                    |                     |           |
| Coordinación          | Alfaya Lamas, Elena   | Correo electrónico | elena.alfaya@udc.es |           |
| Profesorado           |   | Correo electrónico |                     |           |
| Web                   |   |                    |                     |           |
| Descrición xeral      | Materia que achega unha visión global e introductoria á teoría e xestión da información, e que proporciona os coñecementos e técnicas básicas para a recuperación da información e a súa representación a nivel de usuario. |                    |                     |           |

| Competencias do título |  |
|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título   |
| A1                     | Coñecemento da natureza da información e dos documentos, dos seus diversos modos de produción e do seu ciclo de xestión, dos aspectos legais e éticos do seu uso e transferencia, e das fontes principais de información en calquera soporte, e ao longo do tempo.   |
| A2                     | Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información.   |
| A3                     | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a creación e autentificación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, e avaliación da información e dos recursos informáticos.                    |
| A5                     | Coñecemento e aplicación das tecnoloxías da información que se emprega nas unidades e servizos de información e nos procesos e transferencia da información.   |
| A6                     | Coñecemento da realidade nacional e internacional en materia de políticas e servizos de información e das industrias da cultura  |
| B1                     | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoitan encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algún aspecto que implica coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B5                     | Que os estudantes desenvolverán aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender os estudos posteriores cun alto grao de autonomía   |
| B6                     | Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información  |
| B7                     | Capacidade de xestión da información relevante   |
| C1                     | Expresarse correctamente tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |
| C2                     | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.   |
| C4                     | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras  |
| C5                     | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas a os que deben de enfrontarse   |
| C6                     | Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida  |
| C8                     | Aprender a aprender  |
| C9                     | Resolver problemas de forma efectiva   |
| C18                    | Capacidade para a adaptación a cambios no contorno   |

|                           |
|---------------------------|
| Resultados da aprendizaxe |
|---------------------------|



| Resultados de aprendizaxe   | Competencias do título |          |                      |
|---|------------------------|----------|----------------------|
|   | A1                     | B1       | C5                   |
| Iniciarse no coñecemento da orixe e evolución da información e da tipoloxía documental ao longo do tempo.                       | A2<br>A6               | B5       |                      |
| Coñecer as principais institucións documentais e as características dos seus fondos.  | A1<br>A2<br>A5<br>A6   | B1       | C18                  |
| Recoñecer as necesidades de información e aprender a identificalas e definilas.   | A3<br>A5               | B5       | C1<br>C8             |
| Distinguir as principais estratexias de procura para obter información empregando distintos recursos de información.            | A3<br>A5               | B6<br>B7 | C2<br>C4<br>C6<br>C9 |
| Coñecer e manexar ferramentas bibliográficas.   | A3<br>A5               | B6<br>B7 | C2<br>C9<br>C18      |
| Iniciarse na descrición e análise de circuitos e procesos de información en organizacións de diferente carácter e complexidade. | A1<br>A2<br>A6         | B6<br>B7 | C4<br>C9<br>C18      |

| Contidos                                       |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| 1. INTRODUCCIÓN Á TEORÍA DA INFORMACIÓN        | 1.1. Introducción: Das orixes da escritura á sociedade da información e do coñecemento<br>1.2. Conceptos principais.  |
| 2. TIPOLOXÍA DE BIBLIOTECAS, ARQUIVOS E MUSEOS | 2.1. Concepto, funcións e tipoloxía de bibliotecas, centros de documentación, arquivos e museos.<br>2.2 Definición e tipos de documentos.                               |
| 3. MANEXO DE FERRAMENTAS BIBLIOGRÁFICAS        | 3.1 Normas e estilos de citación e referencia bibliográfica.<br>3.2 Xestores bibliográficos.<br>3.3 Pautas de elaboración dunha bibliografía para traballos académicos. |
| 4. BÚSQUEDA E RECUPERACIÓN DA INFORMACIÓN      | 4.1. Introducción á selección, recuperación e avaliación da información.<br>4.2. Estratexias de búsqueda de información.  |
| 5. XESTIÓN DA INFORMACIÓN NAS ORGANIZACIÓNS    | 5.1 Introducción: Conceptos, antecedentes e tendencias.<br>5.2 Principios da xestión de información.<br>5.3 Procesos e fases.   |

| Planificación             |                                   |                   |   |              |
|---------------------------|-----------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas     | Competencias                      | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba obxectiva           | A1 A6 B1 B5 B8 C1                 | 2                 | 20  | 22           |
| Sesión maxistral          | A5 A6 B2 C4 C5 C6                 | 23                | 4   | 27           |
| Traballos tutelados       | A2 A3 A5 B6 B7 C1<br>C2 C8 C9 C18 | 6                 | 45  | 51           |
| Lecturas                  | A1 A6 B7 C8                       | 8                 | 20  | 28           |
| Prácticas a través de TIC | A2 A3 A5 B1 B2 B7<br>C1 C2 C9     | 8                 | 12  | 20           |



|  |  |   |   |   |
|--|--|---|---|---|
| Atención personalizada   |  | 2 | 0 | 2 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado |  |   |   |   |

| Metodoloxías              |  |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías              | Descrición   |
| Proba obxectiva           | Método de avaliación dos coñecementos adquiridos polo alumnado. Haberá unha proba final obxectiva que computará para a cualificación global. Poderá tamén realizarse probas de autoevaluación para os diversos bloques temáticos.  |
| Sesión maxistral          | Desenvolvemento expositivo dos contidos esenciais correspondentes aos temas en que se divide o programa. Visualización de exemplos e modelos. Resposta a dúbidas e preguntas.  |
| Traballos tutelados       | Estarán orientados á aplicación dos conceptos e técnicas da materia de forma autónoma por parte do alumnado, contando sempre coa atención personalizada e seguimento da docente. Os traballos serán individuais e elaboraranse de acordo coas pautas formais e de contido proporcionadas pola profesora. |
| Lecturas                  | Inclúese baixo este epígrafe o resumo e comentario de lecturas, vídeos, conferencias, etc. Trátase de actividades que permiten profundar nos contidos traballados.   |
| Prácticas a través de TIC | Actividades de carácter práctico que permiten ao alumnado aprender de forma efectiva a teoría dun ámbito de coñecemento. Realizaranse procuras bibliográficas, procuras de información e consultas a diferentes recursos accesibles a través de Internet.  |

| Atención personalizada   |   |
|--|---|
| Metodoloxías   | Descrición  |
| Prácticas a través de TIC<br>Traballos tutelados<br>Sesión maxistral | Realizaranse tutorías individualizadas ou en grupo, nas que se abordarán dúbidas, ou outras cuestións vinculadas cos contidos da materia.<br><br>Este tipo de atención terá especial peso nos traballos tutelados, para os cales a docente irá marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propor as variacións ou modificacións necesarias.<br><br>Apoio directo ás cuestións expostas no desenvolvemento das diferentes prácticas.<br><br>Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, utilizaranse as tutorías presenciais, o correo electrónico e a plataforma informática da UDC. |

| Avaliación                |                               |  |               |
|---------------------------|-------------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías              | Competencias                  | Descrición   | Cualificación |
| Lecturas                  | A1 A6 B7 C8                   | Avaliarase a entrega na data establecida, síntese e reflexión persoal do asunto tratado. | 10            |
| Prácticas a través de TIC | A2 A3 A5 B1 B2 B7<br>C1 C2 C9 | Avaliaranse as prácticas de acordo coa asistencia e a execución das prácticas sinaladas. | 10            |



|                     |                                   |  |    |
|---------------------|-----------------------------------|--|----|
| Traballos tutelados | A2 A3 A5 B6 B7 C1<br>C2 C8 C9 C18 | Computará a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas, a resolución de problemas, fontes e bibliografía utilizada, e entrega no prazo establecido. | 40 |
| Proba obxectiva     | A1 A6 B1 B5 B8 C1                 | Valorarase a adecuación das respostas ás preguntas expostas, os coñecementos, a ausencia de erros, a achega persoal, así como a claridade, síntese e orde na exposición, e a presentación.   | 40 |

### Observacións avaliación

A realización dos traballos tutelados é requisito imprescindible para presentarse á proba obxectiva. Para aprobar a materia deberán superarse tanto a proba obxectiva como os traballos tutelados. As notas dos traballos tutelados, individuais e en grupo, en caso de ser positivas, conservaranse para as dúas probas sucesivas do ano académico; en caso de nota negativa, e tamén para as dúas probas sucesivas, poderase/n reelaborar o/o traballo/s presentado/s inicialmente ou presentar un novo traballo, sempre de acordo coa profesora.

As entregas das prácticas e lecturas terán que presentarse na data establecida. Nestes casos, non hai opción á súa repetición nin entrega posterior.

### Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- CORDON GARCÍA, José Antonio et al (2012). Libros electrónicos y contenidos digitales en la sociedad del conocimiento: mercado, servicios y derechos. Madrid: Pirámide</li> <li>- CRUZ MUNDET, José Ramón (2005). Manual de Archivística. Madrid: Fundación Germán Sánchez-Ruipérez</li> <li>- LÓPEZ YEPES, José Luís, coord. (2006). Manual de Ciencias de la Documentación. Madrid: Pirámide</li> <li>- LÓPEZ YEPES, José Luís (2011). La sociedad de la documentación. Madrid: Fragua</li> <li>- MAGÁN WALSH, José Antonio, ed. (2004). Tratado básico de biblioteconomía. Madrid: Universidad Complutense</li> <li>- PONJUÁN DANTE, Gloria (2007). Gestión de información: dimensiones e implementación para el éxito organizacional. Gijón: Trea</li> <li>- RODRÍGUEZ BRAVO, Blanca (2011). Apuntes sobre representación y organización de la información. Gijón: Trea</li> </ul>                               |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anales de Documentación (). <a href="http://revistas.um.es/analesdoc/index">http://revistas.um.es/analesdoc/index</a>. Murcia: Universidad de Murcia</li> <li>- BiD (). <a href="http://www.ub.es/biblio/bid/">http://www.ub.es/biblio/bid/</a>. Barcelona: Universidad de Barcelona</li> <li>- Boletín de la ANABAD (). . Madrid: ANABAD</li> <li>- Peca Complutense (). <a href="http://www.ucm.es/BUCM/peca/">http://www.ucm.es/BUCM/peca/</a>. Madrid: Universidad Complutense</li> <li>- El Profesional de la Información (). . Barcelona</li> <li>- Revista Española de Documentación Científica (). .</li> <li>- Revista General de Información y Documentación (). . Madrid: Universidad Complutense</li> </ul> <p>A bibliografía básica incrementarase ao longo do curso coa bibliografía básica e complementaria de cada tema, que incluírá artigos de revistas especializadas e recursos en Internet</p> |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Bibliografía e Fontes de Información/710G02014  
 Fontes de Información Especializadas/710G02024  
 Natureza e Evolución das Unidades de Información/710G02031  
 Fontes de Información en Ciencia e Tecnoloxía/710G02037

### Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías